



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1134-1102

DECRETO DO ALCALDE

Por Resolución da Alcaldía de data 19 e 29 de xuño de 2023 e posteriores modificacións de data 28 de xuño de 2024 e 25 de setembro de 2025 determinouse a estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias para o período 2023-2027.

Por Resolución da Alcaldía de delegación de competencias específicas de data 28.06.2025 atribuíuse a Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade en materia de patrimonio histórico e, entre outras, a protección, conservación, adecentamento, difusión e fomento do Patrimonio Cultural de Vigo, dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e actuacións sobre os espazos libres que conforman a paisaxe histórica urbana.

No marco da XI edición do programa municipal de medianeiras, a concellería de Patrimonio Histórico considerou incluír nas actividades artístico-culturais complementarias ao programa principal unha proposta da veciñanza do barrio de Ribadavia para a intervención artística nalgunhas vivendas pechadas deste espazo da cidade por medio da decoración das súas fiestras; deste xeito, o actuar neste ámbito urbano con esta proposta plástica e cultural de grande visibilidade, acadarase unha mellora significativa do mesmo facéndoo máis amable e accesible.

Nesta liña, e dentro do programa municipal de medianeiras, o Concello continúa programando diferentes actuacións no Barrio de Ribadavia coa finalidade de mellorar a vida da súa veciñanza e unha destas intervencións vaise desenvolver no edificio municipal sito na Travesía Barrio Ribadavia 20, coñecido como "Muiño do Vento". E por isto que, por parte do servizo de Patrimonio histórico solicítase, en base a ditas competencias e polo carácter transversal do proxecto, unha delegación especial na Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade das atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das seguintes actuacións: Reforma Muíño do Vento en espazo público no Barrio de Ribadavia.

Por razóns de eficacia administrativa e dado o interese xeral do proxectos e a súa afección ao patrimonio histórico considérase convinte a realización dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 08:41	Páxina 1 de 2
1134-1102	CSV: ADB9A6-EH5A3C-44ED8H-YFFAUU-NPGUAS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



segundo o artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE**

PRIMEIRO.- Delegar na Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade todas as atribucións precisas para a xestión, tramitación, execución e seguimento dos expedientes de contratación administrativa de obra pública da actuación Reforma Muíño do Vento en espazo público no Barrio de Ribadavia.

SEGUNDO.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, así como na rede Intranet ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas

TERCEIRO.- Notificar a Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento

SGF

O Alcalde, Abel R. Caballero Álvarez

Dou fe, A Secretaria



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 08:41	Páxina 2 de 2
1134-1102	CSV: ADB9A6-EH5A3C-44ED8H-YFFAUU-NPGUAS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		